



CONCELLO DE MEIRA (LUGO)

CONCURSO DE DISFRACES 2023

O luns de Entroido, día 20 de febreiro de 2023, terá lugar no **Pavillón Municipal de Meira** un concurso de disfraces organizado polo **Concello** que se rexerá polas seguintes

B A S E S

PRIMEIRA: Poderán participar todas as persoas, asociacións, comunidades, colexios, etc., que o desexen. As persoas menores de idade terán que participar baixo a responsabilidade dunha persoa adulta; a mesma que terá que recoller o premio no caso de ser gañador nalgunha das modalidades.

SEGUNDA: As inscricións realizaranse no Concello de Meira, de luns a venres, das 9:00 h ás 14:00 h, en persoa ou a través do teléfono 982330102; ou ben o mesmo día do desfile no Pavillón Municipal a partires das 22:00 h. A data límite de inscrición será o luns día 20 de febreiro ás 24:00 h.

TERCEIRA: Establécense as seguintes categorías:

INDIVIDUAIS: 1 persoa

PARELLAS: 2 persoas

COMPARSAS: 3 ou máis persoas

CUARTA: Os/as participantes deberán presentarse no Pavillón Municipal (R/ Federico González López, s/n), debidamente ataviados/as, a partir das 22:00 h.

QUINTA: O xurado valorará os disfraces conforme a:

1. Confección artesanal dos traxes (5 puntos)
2. Orixinalidade, colorido dos disfraces, bo gusto e o traballo na súa creación. (3 puntos)
3. Parodia ou posta en escena. (2 puntos)

A decisión do xurado será inapelable.

SEXTA: Os premios están dotados cos seguintes importes:

PREMIOS	COMPARSAS	PARELLAS	INDIVIDUAIS
1º PREMIO	300 €	120 €	110 €
2º PREMIO	150 €	90 €	70 €
3º PREMIO	100 €	70 €	50 €
4º PREMIO	60 €	50 €	40 €
5º PREMIO	40€	30€	30€

SÉPTIMA: A entrega de premios terá lugar o mesmo día na Festa de Entroido amenizada por unha actuación musical.

OITAVA: A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das presentes bases, e reiterando que a decisión do xurado é INAPELABLE.

Meira, 12 de xaneiro de 2023

O Alcalde



Antonio de Dios Álvarez

